



«*Me consolé de mi muerte / y la de todos*».
Relendo os poemas de Ernesto Cardenal:
un apuntamento rememorativo

Ramón Cao Martínez¹

Comecei a ler a Cardeal a finais de 1975, nun momento crucial da vida do noso país e da miña propia. Un xiro profesional trouxérame a Galicia, anunciábase a chegada dun novo fillo á nosa pequena familia, morría o xeneral Franco. E pouco despois falecía a miña nai. «Os tempos están a cambiar», cantaba Bob Dylan por aqueles días. E de que maneira, dicíame eu, nuns meses precipitáranse os máis variados acontecementos. Nesas circunstancias caeu nas miñas mans *Poesía escollida*, unha excelente mostra de textos do poeta nicaraguano, recentemente publicada. E houbo un que, entre todos eles, atrapou a miña atención: *Coplas a la muerte de Merton*.

1.- «Yo solo dije / o.k.»²

Máis tarde souben que, ao recibir a noticia daquela morte, Cardenal sentira unha das máis fondas conmocións da súa vida. El mesmo contounos como fora trabando co seu antigo mestre de novizos –un verdadeiro pai para el– unha perdurable amizade, tecida de múltiples afinidades e complicidades. E que a elaboración do poema ao longo de todo un ano fora un modo de expresar lite-

1 RAMÓN CAO MARTÍNEZ é membro do Consello de Redacción da revista *Encrucillada*.

2 *Coplas a la muerte de Merton*, CM, 648. Cito os versos de Cardenal pola recente edición da súa *Poesía completa* en Espasa / Planeta, Barcelona, 2025. Tras o título do poema, indico abreviadamente o libro ao que pertence e, por último, a páxina da referida edición. Abreviaturas: CM: *Coplas a la muerte de Merton*; CC: *Cántico cósmico*; VP: *Versos del Pluriverso*; TN: *Telescopio en la noche oscura*; CE: *Por el camino de Emaus*.